



O escritor participou nun encontro cos alumnos do colexio de Carnota e do instituto | SANDE

Nova andaina de Suso Espada

O personaxe de ficción volve a protagonizar o libro que Chisco Fernández lle presentou aos nenos carnotáns

REPORTAXE
J. M. Sande

MUROS | O escritor Francisco Fernández Naval, deu a coñecer o pasado martes a súa última composición literaria, que leva por título *Suso espada, Istambul e o cabaliño de ouro*. Os alumnos do colexio de Carnota e os do instituto Lamas de Castelo tiveron a posibilidade de coñecer de primeira man os segredos que se agochan detrás do proceso de elaboración desta e doutras obras do autor coñecido familiarmente como Chisco.

Os rapaces deixaron de lado por uns intreos os cadernos e os bolígrafos para partir co escritor e para comentar aspectos sobre o seu novo libro. Aínda que naceu en Ourense, Chisco posúe dende fai anos unha casa na localidade carnotá de Lira e está plenamente integrado neste municipio. O autor sempre se apunta a todo tipo de iniciativas que teñan

como destinatarios aos máis pequenos, sobre todo cando se trata de animalos a investir parte do seu tempo libre na lectura.

Nesta ocasión, Francisco Fernández presentou a súa novela explicándolles aos estudantes que se trata dunha nova aventura do detective Suso Espada, que principia en Istambul e remata en Lira, nunha paraxe coñecida coma monte da Garganta Grande, onde, segundo comenta unha lenda popular da zona, e tamén se inclúe coma estribillo nunha cantiga tradicional de Lira, existe un cabaliño de ouro, coa súa sela e co seu freo.

Interese polas lendas

O escritor participou nun bulicioso coloquio co alumnado dos colexios carnotáns, no que ademais de falarse do personaxe literario da obra xuvenil que se estaba a presentar, tamén se fixeron varias referencias ás lendas populares existentes

en Carnota. A paraxe natural na que se desenvolve parte da historia do libro, que coincide co espazo no que residen os nenos presentes no encontro, serviu tamén de estímulo para amenizar a tertulia.

Algúns dos nenos, coñecedores da vida e da obra de Chisco, tamén lle formularon varias preguntas sobre a súa traxectoria literaria, e interesáronse polos motivos que o levaran a decantarse por vivir en Carnota. Neste sentido, Fernández Naval referiuse ás condicións naturais da zona e á nobreza das súas xentes.

Para rematar o acto, o escritor desvelou que xa ten pensada unha nova aventura, na que o detective Suso Espada será o protagonista e os nenos de Carnota, os que primeiro terán novas sobre a publicación. Ao igual que os volumes precedentes desta serie, o libro que ten en mente Chisco irá destinado aos máis pequenos.